

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGUE DE TEBRA

CURSO: 4º EP

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 12 MAIO 2020.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA E LITERATURA

Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR		
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	CCL
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelo	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	CCL
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía	LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.	

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto	CMCT CCA CCL
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos	LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.	CCL
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR		
B3.1. Producir textos según un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e cuidando a caligrafía, orde e presentación	LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas	CCL CSIEE CAA
	LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	CMCT

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.3 Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita.	LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente	CCL CAA
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	CMCT CAA CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA		
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estado	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.	CCL
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.	CCL
	LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.	CCL
	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. (excepto adverbios, preposicións, conxuncións, siglas e abreviaturas)	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.	
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos	LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas. (excepto puntos suspensivos e os dous puntos)	CCL
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso.	CCL CAA
	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.	CCL
	LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos. (excepto puntos suspensivos e os dous puntos)	CCL
	LCB4.4.5. Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos.	CCL
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.	CCL CD CAA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA		
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais	LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.	CMCT CAA
B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB 5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CMCT CAA

**Os mínimos que se decidiu dar porque se consideran imprescindibles pero debido á situación de alarma, terán que ser vistos ao inicio de curso en setembro, [están reflectidos en cor azul](#).

Modifícase respecto o modelo que se teñe na programación didáctica

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: -Traballos individuais
	Instrumentos: - Fichas de actividades - Actividades interactivas. - Actividades de expresión escrita. - Actividades de comprensión lectora - Rexistro da realización de tarefas e actividades propostas. -Coordinación coas familias a través das seguintes canles: blogue de aula, correo electrónico, web do centro, aplicación Classdojo...).

Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación e cualificación final do alumnado considerará en conxunto as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de reforzo, repaso e recuperación realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020.</p> <p>En atención ao criterio de avaliación continúa, consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata un máximo dun 10% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido dende a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.</p> <p>Tomaranse como referencia os seguintes ítems en relación a ese 10%:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Entrega todas as tarefas propostas o mesmo día e correctas: 1 pto2) Entrega todas as tarefas propostas correctas, máis fóra do día: 0,5 pto3) Entrega todas as tarefas propostas fóra ou dentro do día, pero de forma incorrecta: 0,25 pto
----------------------------	--

Alumnado de materia pendente	Os alumnos con materias pendentes deberán presentar os traballos solicitados para poder superar as mesmas.. No mes de xuño, ata cinco días antes da avaliación, recolleranse os traballos propostos.
-------------------------------------	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades que se plantexan para este 3º trimestre, seguen a liña plantexada durante o curso, polo que os alumnos e alumnas xa están afeitos a realizar, aínda que algunhas están adaptadas á situación que estamos vivindo, reducindo o traballo grupal e fomentando a autonomía, tratando de facelas motivadoras e atractivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas actividades que propicien a aprendizaxe autónoma.</p> <p>Partirase de experiencias e aprendizaxes previas do alumnado e terase en conta os seus diferentes ritmos. Fomentarase o traballo que favoreza a consolidación e o reforzo de contidos xa traballados.</p>

	<p>En canto ao alumnado con conectividade, realizouse o envío e o seguemento do desenvolvemento das tarefas propostas a través do Blogue de aula, así como a través do correo electrónico.</p> <p>En canto ao alumnado sen conectividade, enviábanse as propostas de actividades e tarefas a asuntos sociais, onde lle facilitaban as fотopias das tarefas enviadas pola titora.</p>
Materiais e recursos	<p>O material que se empregará será o material propio do alumnado co que traballou ao longo do curso, material da súa vida cotiá, obxectos e recursos que poidan ter na casa, adaptándonos á situación de cada familia en particular. Debido á dificultade por parte dalgunhas familias de acceder a material ou recursos TIC's, as tarefas serán flexibles e accesibles para todos.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e familias son informados a través da Páxina web do cole, abalarmóbil, correo electrónico e a aplicación Clasdojo.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro e na Aplicación Clasdojo.</p>